

CONCURSO DE CAMISETAS DE PEÑAS DA FESTA DO MARISCO

O Concello do Grove convoca o **I Concurso de Camisetas de Peñas da Festa do Marisco**, segundo as seguintes:

BASES

1. PARTICIPANTES: Poderán participar todos os grupos ou “peñas” que:

- que teñan 8 compoñentes, como mínimo,
- que as camisetas que elaboren identifiquen por igual os seus compoñentes.
- que a temática sexa a Festa do Marisco do Grove.

2. PRESENTACIÓN. Cada peña deberá presentar no Concello unha das camisetas impresas (Rexistro do edificio administrativo). Deberán quedar indicados os datos de contacto co grupo.

3. PRAZO. O prazo de presentación das camisetas no concello rematará o venres 2 de outubro, ás 14.00 horas.

4. PARTICIPACIÓN. As peñas e grupos deberán presentarse (con todos os seus membros) o domingo 4 de outubro, ás 21.00 horas, no escenario da carpa de degustación para que o xurado poida valorar o seu deseño.

5. XURADO. O xurado será nomeado polo Concello do Grove. O seu ditame será inapelable e os participantes aceptarán as presentes bases só polo feito de participaren. O xurado valorará tanto o deseño coma o lema que figure impreso nas camisetas.

6. PREMIOS. Outorgaranse dous premios:

- Premio ao mellor deseño, dotado con 200 euros, para a camiseta que o xurado considere.
- Premio á “peña” ou grupo máis numeroso, dotado con 200 euros para a “peña” que se presente con máis membros vestindo a mesma camiseta no acto de presentación.

7. DITAME DO XURADO. Os premios daranse a coñecer nun acto o xoves 8 de outubro de 2015, ás 13.00 horas.

8. DEREITOS. O autor/es gañador/es dos premios cederá/n todos os dereitos de publicación, tanto da camiseta como calquera forma de impresión do deseño para programas e folletos ao Concello do Grove. A organización do concurso reservase o dereito a non admitir determinados deseños de camisetas, ben polo seu contido, ben por usaren imaxes con copyright ou por seren copia doutro deseño.

O Grove, 18 de setembro de 2015

Jose A. Cacabelos Rico
Alcalde do Ilmo. Concello do Grove